

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 08/11/2021

(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO
ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 08/11/2021 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 02-nov-2021, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2021/3733

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Manuel Fajardo Recouso, en nome do Grupo Municipal Vilagarcía en Común, solicitando copia do plan municipal de recuperación de cruceiros, informe dos cruceiros rehabilitados ou sobre os que se teña actuado e informe sobre a situación do cruceiro da Igrexa de Carril, gardado en dependencias municipais.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/3912

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Manuel Fajardo Recouso solicitando copia do convenio asinado para autilización de terreo situado en A Torre como aparcamento e informe sobre a titularidade da finca entre a estrada e a vía do ferrocarril.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitirle o acordo de Xunta de Goberno Local de data 22 de xaneiro de 2018 de autorización de sinatura de convenio coa Comunidade de Herdeiros de Dona Enriqueta López Ballesteros para o aluguer de parcelas en Avda. López Ballesteros e Rúa Nova de A Torre con destino a aparcamento.

PRP2021/4020

Dáse conta de solicitude de Dona Nerea Eiras Torres de autorización para realización dunha actuación tipo monólogo na terraza do Centro Cultural de O Sixto o día 22 de outubro de 2021.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/4021

Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Castro vázquez,, en representación de AREVA solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa de 4x4 metros, na Praza de Galicia, os días 6 e 15 de novembro de 2021, en horario de 10:00 a 13:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixentes.

PRP2021/4022

Dáse conta do escrito presentado por Dona Amelia Pérez Álvarez, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia os días 26 de outubro e 9 de novembro, así como a instalación dunha carpa para a realización de dúas concentracións a favor dunha Sanidade Pública Presencial, en horario de 11 a 13 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixentes.

PRP2021/4024

Visto o informe-proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación dun espello para facilitar a visibilidade para os vehículos que proceden da saída da Rúa Da Guillerma e se incorporan cara a Rúa Canto.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2021/4025

Visto o informe - proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Peres Sport SL para o subministro e dotación de defensas extensibles para axentes da Policía Local, por un importe total de 846,03 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/4026

Visto o informe - proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Peycar Pontevedra SL para o subministro e dotación de uniformidade para axentes da Policía Local, por un importe total de 6.529,16 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/4027

Dáse conta de escrito presentado por D. Francisco Javier Alvarez Portas, en representación de CP Garaxes Avda. Rodrigo de Mendoza 6 solicitando a adopción de medidas para facilitar a incorporación e circulación de vehículos que saen do garaxe situado en Avda. Rodrigo de Mendoza nº 66.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica:

- O espazo é suficiente para a manobrabilidade de entrada e saída, sendo proporcional a zona sinalizada ás dimensións da porta de entrada/saída do garaxe.
- En canto á mellora de visibilidade para incorporación á vía pública poderíase autorizar á propiedade para a instalación dun espello, se ben sería de uso exclusivo para os usuarios de ambos garaxes.
- Os bolardos, poderíanse autorizar de conformidade coa Ordenanza de Tráfico.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación dun espello para facilitar a visibilidade así como de bolardos flexibles, se ben dado que o uso dos mesmos será exclusivo para os usuarios do citado garaxe, deberán colocalos pola súa conta correspondendolle así mesmo o mantemento ás comunidades de propietarios, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

PRP2021/4028

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa falta de sinalización vertical para un estacionamento de motocicletas situado na Rúa Alvaro Cunqueiro, á altura do nº 5.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á sinalización vertical que reforce a marca vial do pavimento para facilitar a súa visibilidade.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2021/4029

Dáse conta do escrito presentado por D. Fernando Villar Saborido, en representación de HOGARLIN SA dando conta de filtracións no escaparate do establecemento Perfumería Muchas, procedente da terraza do Edificio Casino, e solicitando a adopción de medidas para evitar as

filtracións.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á comprobación do estado da terraza polo persoal do Servizo Municipal de Vías Públicas e Xerencia de Urbanismo.

PRP2021/4030

Dáse conta do recurso de reposición presentado por D. Mario Alberto Gil Graña contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de agosto de 2021 en relación con feitos acaecidos o día 13 de marzo de 2021 ao realizar unha inspección no establecemento Sama-Sama, na zona TIR.

A Xunta de Goberno Local acorda desestimar o recurso de reposición presentado, mantendo os acordos de 7 de xuño e 30 de agosto de 2021 nos seus propios termos.

PRP2021/4031

Dáse conta da Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se autoriza a a D. Francisco Alonso toucido, na súa calidade de arqueólogo, para que realice a intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa común con vítimas da represión da guerra civil e ditadura no Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/4032

Dáse conta de escrito da Secretaría Xeral para o Deporte de requerimento de documentación previa ao convenio de colaboración que están a estudar para a execución da actuación de "Obras de reparación e acondicionamento do Pavillón Polideportivo de Fontecarmoa", cunha achega de 350.000,00 € por parte da Xunta de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que pola Oficina Técnica Municipal (Xerencia de Urbanismo) se prepare a documentación que proceda.

PRP2021/4033

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Farmacia Valdés CB para o subministro de 15 inxectables Anapén (adrenalina) para os Servizos de Medio Ambiente, Xardíns e Electricidade, por un importe total de 631,35 € (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

- Con cargo á partida 171.22199: 210,45 €
- Con cargo á partida 170.22199: 210,45 €
- Con cargo á partida 165.22199: 210,45 €

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/4039

Dáse conta de publicación no Boletín Oficial do Estado de Orde TMA/1160/2021, de 8 de outubro, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, pola que se establece o marco para a celebración de acordos de entrega aos Concellos da vías urbanas da rede estatal.

Na citada Orde establececese que o acordo se formalizará en base ao proxecto de acondicionamento, mellora e humanización da vía urbana, cuxa redacción e tramitación corresponderá á Dirección Xeral de Estradas e a súa aprobación e contratación ao órgano competente do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar o inicio dos trámites para a entrega a este Concello do tramo de estrada comprendido entre a Praza da Constitución e a coñecida como Rotonda de Larsa (Os Martices).

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2021/3992

Dáse conta das bases reguladoras das axudas á transformación e modernización dos locais incorporados ao banco municipal, así como para a dixitalización das actividades que se desenvolvan nos mesmos.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

- A aprobación das Bases da convocatoria das axudas, cun máximo de 1.500 € por local, para a transformación e modernización dos locais incorporados ao banco municipal así como para a dixitalización das actividades que se desenvolvan nos mesmos, con cargo á aplicación 4311-770 do orzamento para o exercicio 2022, para o cal se acordará unha dotación de 20.000 €.
- A publicación das bases aprobadas a través da BDNS, en cumprimento do requirido en data 21 de setembro de 2021 por parte do Ministerio de Facenda e Función Pública mediante escrito dirixido ao Concello de Vilagarcía, instando a esta entidade a publicar as convocatorias de subvencións a través da BDNS, en cumprimento do establecido no artigo 20.8 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

PRP2021/3996

En sesión de XGL de data 26 de xullo de 2021, aprobouse dentro da Estratexia EDUSI VILAGARCIA AVANZA. VILAGARCIA DE AROUSA, liña de actuación (VLG_LA17_INCL) DESARROLLO DE PLANES PARA LA INCLUSIÓN, a adxudicación do CONTRATO DE SERVICIOS PARA A POSTA EN MARCHA DA OFICINA DE FORMACIÓN E ATENCIÓN DIXITAL, a favor da empresa ASESORAMIENTO Y DESARROLLO DE SOLUCIONES EMPRESARIALES S.L. CIF B-94099496.

Tendo en conta que a oficina comezou a prestar o seu servizo de atención ao público o 2 de agosto, faise preciso levar a cabo a limpeza das instalacións cando menos unha vez á semana así como a limpeza de cristais, cando menos, unha vez ao mes.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa CLECE SA CIF A-80364243 por contía de 108,61 €/mes (IVE 21% inclusive), dende o decembro de 2021 ata xullo de 2022, ambos inclusive, con cargo á partida 241.22700, que inclúe os traballos seguintes:

-Traballos a realizar semanalmente:

Limpeza e desinfección de mobiliario

Limpeza e desinfección de manillas, interruptores luz.

Limpeza e desinfección de equipos informáticos e impresoras

Limpeza e desinfección de solos

Baleirado de papeleiras

Retirada de residuos

Limpeza de pegadas na porta.

- Traballos a realizar mensualmente:

Limpeza interior e exterior de cristais.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/3998

O Concello de Vilagarcía ven desenvolvendo nos últimos anos accións de dinamización do comercio e a hostalaría local a través de diversos canles e iniciativas.

Para a consecución do obxectivo de facer de Vilagarcía unha cidade do século XXI intelixente, sostible e humanizada, é preciso fortalecer a posición do comercio local, asentado sobre marcas fortes e ben situadas.

A aposta polo comercio local e de proximidade require converter o comercio local, os establecementos hostaleiros e os espazos onde se sitúan, en polo atractivo para os potenciais clientes e ao mesmo tempo centro neuráxico e comercial da cidade. Doutra banda, é un reto para o comercio local e de proximidade asumir o novo concepto de compra ofrecendo unha imaxe moderna e atractiva.

Con este fin formúlase a presente iniciativa, consistente na convocatoria do IV CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL DO COMERCIO E HOSTALARÍA, nos termos especificados nas bases que se xuntan á presente proposta.

O custo de desenvolvemento da actividade ascende á cantidade de MIL SETECENTOS OITENTA E CINCO EUROS (1.785,00 €) en concepto de premio polas diferentes categorías

CRITERIOS DE VALORACIÓN	Punt. máxima
Engalanar todo o escaparate, acceso ao establecemento e/ou ambientación do espazo interior	3 puntos
Iluminación	3 puntos
Ecodecoración e uso de materiais reciclados	3 puntos
Orixinalidade, innovación e deseño	3 puntos

Establécense os seguintes premios, segundo consignación orzamentaria aplicación 4311-48100 do orzamento de 2021

- Primeiro premio de 595 €
- Dous segundos premios de 395 € c/u
- Dous terceiros premios de 200 € c/u

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a CONVOCATORIA E BASES DO IV CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.

PRP2021/4007

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2021, presentada por TROQUIÑA SL.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo

Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2021/4013

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2021, presentada por DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING SL. Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2021/4035

Vista a proposta do Director do Obradoiro Dual de Emprego OE FORME 2021, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Grupo electro Stocks SLU (Kilovatio Arousa) para o subministro de ferramentas e material de formación para o alumnado do Módulo de Mantemento de Redes Eléctricas Domóticas e Inmóticas do Obradoiro, por un importe total de 2.851,21 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/4042

O Concello de Vilagarcía ven desenvolvendo nos últimos anos accións de dinamización do comercio e a hostalaría local a través de diversos canles e iniciativas, especialmente durante as datas significativas, principalmente no tempo de Nadal.

A aposta polo comercio local e de proximidade require converter o comercio local, os establecementos hostaleiros e os espazos onde se sitúan, en polo atractivo para os potenciais clientes e ao mesmo tempo centro neurálxico e comercial da cidade. Doutra banda, é un reto para o Concello ofrecer unha imaxe moderna e atractiva.

O mercado de Nadal e unha iniciativa fundamental para potenciar as compras na cidade e animar e dinamizar as rúas de Vilagarcía no tempo de Nadal

Os gastos derivados do Mercado de Nadal, cuxa organización e realización na presente edición será asumida integramente polo departamento de Promoción Económica, serán obxecto de proposta separada.

Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e publicación das bases reguladoras do funcionamento e outorgamento de autorizacións para o exercicio da actividade de venda no mercado de Nadal de Vilagarcía 2021 ubicado nas prazas da Independencia e praza de España.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2021/3891

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local

acorda aprobar o orzamento presentado por D. Tigran Poghosyan para a revisión técnica dos pianos do Conservatorio Profesional de Música (afinación, entonación e regulación), por un importe total de 1.258,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/3892

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Carlos Galbán Zaragoza (Duende Instrumentos Musicales) para o subministro de material funxible e partituras para o Conservatorio Profesional de Música para o curso académico 2021-2022, por un importe total de 1.020,64 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2021/4037

Dáse conta de resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de desestimación do recurso de alzada interposto polo Concello contra a resolución ditada o 6 de outubro de 2020 pola Directora Xeral de Calidade Ambiental, sostibilidade e Cambio Climático, pola que se sanciona ao Concello cunha multa de cinco mil euros (5.000 €) como responsable da comisión dunha infracción administrativa grave, de residuos e solos contaminados, recaída no expediente PO-RES-2019-148, polos feitos acontecidos na Rúa Marxión, confirmando a resolución recorrida en todos os seus termos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Tendo en conta que os residuos foron depositados por Montajes JM Iglesias SL, empresa que estaba executando as obras da Praza da Independencia, acórdase requirir á citada Empresa para que abone ao Concello a contía de 5.000 € a que ascende a multa.

PRP2021/4040

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por NELMAR SLU para reparacións de pavimento e elementos no Parque de A Xunqueira, por un importe total de 7.126,90 € (IVE incluído) con cargo á partida 171.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO

PRP2021/4001

A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilagarcía de Arousa asinaron un convenio polo que

a primeira financiaría, cunha achega de 6.000 €, ós gastos derivados da celebración do concerto gratuito do grupo FUEL FANDANGO no parque de A Xunqueira, o 13 de agosto, dentro das actividades das Festas de San Roque 2021.

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa, facendo constar:

1.- Que o concerto foi celebrado o día 13 de agosto, como estaba previsto e xa figuraba no convenio, con gran aceptación por parte do público, coma foi recollido nos medios de comunicación con edición local.

2.- Respecto da difusión do financiamento obtido pola Deputación, o anagrama desa entidade figura no programa das festas, no cartel e nas insercións publicitarias nos medios de comunicación escritos.

3.- Que os gastos xerados foron os seguintes:

PROVEDOR	Nº FRA	CONCEPTO	IMPORTE	DATA DE PAGO
NEW LIVE PROMOCIONES CULTURALES, S.L	024/2021	CONCERTO DE FUELFANDANGO	10.769,00	17/08/202

CULTURA

PRP2021/4004

Vista a solicitude de D. José Álvarez Domínguez, en representación de Asociación Coro Liceo de Vilagarcía, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, os días 21 e 22 de decembro de 2021, para a celebración do Concerto de Nadal o día 22 de decembro, ás 21:00 horas, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase así mesmo a impresión de cartelería (50 carteis) e entradas.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

. O prezo das entradas será de 5 € e a recadación da súa venda para a entidade organizadora.

Dar conta á Area de Comunicación.

PRP2021/4005

Vista a solicitude de Dona Laura Navia García, en representación de Club San Martín de Vilaxoán, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade de San Martiño o día 11 de novembro de 2021 en Vilaxoán:

- Actuación da Asociación Cultural Os Terribles de Arousa por un importe de 391,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2021/4006

Vista a solicitude de Dona Begoña Fontán Caeiro, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 18 de decembro de 2021, durante todo o día, con motivo da realización do festival de curso de danza, tendo un prezo de entrada único de 4,00€, sendo a recadación para o solicitante.

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

Será responsabilidade da solicitante o control de aforo á sala solicitada.

Deberá presentar na Concellería de Cultura copia de póliza de seguro de responsabilidade civil e accidentes, así coo recibo de abono da mesma.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

	DÍAS-HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE
Salón de Actos do Auditorio	1 día	264,70 €	264,70€
Responsable de Sala	5 Horas (estimativas)	10,20 €	51,00 €
2 Operarios	8 horas (estimativas)	10,20 €	81,60 €
TOTAL			397,30 €

Deberán acreditar o pago das taxas para poder acceder ás instalacións.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

CONTRATACIÓN

PRP2021/3989

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de subministro e instalación de módulo de comunicación Orona Phone (enlace+sim), modelo MR9330, á empresa Orona Sociedad Cooperativa (F20025318) por un prezo de 115,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE 21% de 24,15€, o que totaliza un prezo de adxudicación (IVE engadido) de 139,15€, de acordo coa oferta presentada, para a súa instalación no ascensor con Cod. Ap. 557934, ubicado no mercado de abastos de Vilagarcía de Arousa, con cargo á partida 4312.213.

PRP2021/4038

Dáse conta de publicación no Diario Oficial de Galicia de 3 de novembro de 2021, de Resolución de Augas de Galicia, do 6 de outubro de 2021, pola que se somete a información pública o

anteproxecto de mellora de abastecemento do sistema da marxe dereita da Ría de Arousa, ampliación da ETAP do sistema de abastecemento ao Barbanza, Padrón (Clave OH.215:1218).

O dito sistema de abastecemento, constitúe unha unidade funcional de carácter supramunicipal que dá servizo aos concellos de Boiro, Catoira, Dodro, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Pontecesures, Rianxo, Ribeira, Valga e Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/4041

Dáse conta da modificación do proxecto de “REFORMA INTERIOR DO CENTRO SOCIOCULTURAL E DE REMO DE VILAXOÁN” redactado polo arquitecto municipal don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña,.

Dáse conta do informe da Secretaria Xeral, no que se indica:

INFORME:

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 15 de xuño de 2020, aprobouse o proxecto de obra denominado “REFORMA INTERIOR DO CENTRO SOCIOCULTURAL E DE REMO DE VILAXOÁN”, redactado polo arquitecto municipal don Juan José Rodríguez Cuiña,

Con data 9 de novembro de 2020 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar os citados traballos á empresa Actividades de Construción, Edificación y Viales S.L ao presentar a oferta máis vantaxosa calidade prezo, por un importe de 64.747,43 (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE 21% de 13.596,96€, o que supón un prezo de adxudicación de 78.344,39€ (IVE incluído), que inclúe unha mellora no prazo de garantía de 12 meses.

Polo arquitecto director das obras, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, preséntase proxecto modificado de “Reforma interior do Centro Sociocultural de Vilaxoán” por importe de 96.679,24€, unha vez aplicado a porcentaxe de baixa obtido na adxudicación do contrato que se eleva ao 13,0847481%, ou que supón un aumento de 18.334,85€.

O director técnico fundamenta a necesidade do modificado no seguinte:

"Ó reiniciarse as obras detectanse algunhas cuestións que non foron contempladas no proxecto debido a omisións involuntarias en algún caso e outras veces por circunstancias detectadas unicamente despois da demolición e tamén algunhas debidas a requerimentos dos usuarios (deportistas e veciños) que solicitaron modificar instalacións e aproveitar espazos que non estaban previstas de antemán.

En concreto inclúense neste proxecto modificado as demolicións de falsos teitos, furado de forxado para paso de conductos e excavación de gabias baixo soleira. Na estrutura contéplase unha lixeira ampliación para adaptala á realidade xeométrica. No capítulo de albanelaría inclúense diversas partidas para axudas ás instalacións e reposición de tabiquerías e alicatados. No capítulo de pavimentos incorpóranse varias partidas de reposición que afectan ás zonas de demolición. No capítulo de instalacións incorpóranse partidas da instalación eléctrica por resultar insuficiente a prevista no proxecto ademais do desprazamento de termos e instalación de fontanería solicitado polo club de remo así como tamén reformas e desprazamentos de cadros eléctricos. No capítulo de varios incorpórase a partida para executar unha porta corredeira empotrada no tabique en lugar de deslizante por diante del.

É de aplicación a este contrato a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español ás Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en diante LCSP.

O artigo 203 da LCSP establece que sen prexuízo dos supostos previstos nesta Lei respecto a a sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese

público nos casos e no forma prevista nesta subsección, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207.

O apartado 2 do amentado artigo establece que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se produzan algún dos seguintes supostos:

a) Cando así o previra o prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidas no artigo 204.

b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

O citado artigo 205 establece que:

“1. As modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares ou que, sendo previstas, non se axusten ao establecido no artigo anterior, só poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo. b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria. 2. Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, a condición de que esta cumpra todos os requisitos recolleitos no apartado primeiro deste artigo, son os seguintes: a) Cando devíñese necesario engadir obras, subministracións ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, a condición de que se dean os dous requisitos seguintes: 1.º Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico, por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerese inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación. En ningún caso considerarase un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista. 2.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente derívese de circunstancias sobrevindas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato, a condición de que se cumpran as tres condicións seguintes: 1.º Que a necesidade da modificación derívese de circunstancias que unha Administración diligente non puidese prever. 2.º Que a modificación non altere a natureza global do contrato. 3.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído. c) Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial. Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes: 1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación. En todo caso considerarase que

